



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 18 DE
SETEMBRO DO ANO DOUS MIL CATORCE .**

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira

D. Amando Sande Agra.

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. José Ramón García Vázquez.

PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSOE)

D. Horacio Rouco Ferro.

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

Faltaron con excusa os/as Concelleiros/as :

D. Antonio Blanco Estevo.

Dona María Cristina Lodeiro Castiñeira

Dona Angela Pérez Vázquez.



Sendo as catorce horas do día dezoito de setembro do ano dous mil catorce, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, coa asistencia dos señores



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela,28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com


concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario - Interventor, D. Iván Ponte Mahía, que da fe dó acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria do día 10 de xullo de 2014.

Ante a ausencia de alegacións ó acta da sesión ordinaria de 10 de xullo de 2014, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP, e dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG - PSOE, acordou aprobar, por unanimidade dos membros presentes, a acta da sesión ordinaria de 10 de xullo de 2014.



PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA DE ACORDO CÓ DISPOSTO NO ARTIGO 42 DO R.O.F.

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 209 ata o número 291 , ambos incluídos.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO TERCEIRO.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2013.

O Sr. Alcalde- Presidente abre este punto do orde do día mediante a lectura, literal, da proposta de alcaldía, que di o seguinte:

"Visto o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Lugo número 164, de 18 de xullo de 2014, mediante o cal se expoñía ó público a conta xeral do exercicio 2013 por un prazo de quince días hábiles, durante os cales e oito máis os interesados tiveron ocasión de examinala e formular contra a mesma as alegacións que estimaran convenientes.

Considerando que durante o citado prazo non se presentou alegación algunha no rexistro de entrada de documentos do Concello.

Considerando o establecido no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por esta Alcaldía propónse ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Prestar aprobación á Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico 2013, tal e como se dispón no parágrafo 4 do artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

SEGUNDO.- *Que unha vez debidamente aprobada se renda dita Conta ó Consello de Contas, de conformidade co disposto no parágrafo 5 do artigo 212 do aludido Real Decreto Legislativo".*

O Sr. Alcalde, tras afirmar que se trata do último trámite para a definitiva aprobación da Conta Xeral do ano 2013 do Concello de Palas de Rei coa finalidade de poder rendila o Consello de Contas da Xunta de Galicia e o Tribunal de Contas, outorgalle o turno de palabra o portavoz do Grupo Socialista, Sr. Rouco Ferro.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

O Sr. Rouco Ferro afirma que no informe do Sr. Secretario establece o procedemento que debe seguir a tramitación da Conta Xeral para a súa aprobación así como a normativa aplicable ó asunto pero non realiza ningunha valoración de carácter económica ou orzamentaria sobre a propia Conta Xeral, nin sobre o estado de execución do orzamento nin sobre as modificacións de crédito nin tampouco sobre as facturas do caixón, é dicir, as facturas da conta 413, que non se poideron imputar a presuposto por falta de consignación orzamentaria, o cal quere dicir que o Concello gastou máis do que tiña.

Así, o Sr. Rouco Ferro afirma que existen un total de 217 facturas por importe de 291.000,00 euros ata o momento e pregúntase se hai ou non máis facturas aínda que correspondan o ano 2013 e que non estaban recollidas na conta 413 xa que, baixo a súa percepción, existen modificacións de crédito este ano que se utilizaron para pagar facturas do ano 2013. Isto poñería de manifesto, según a súa opinión, que as contas do Concello estarían falseadas. Por tanto, conclúe que as contas do Concello son ficticias e non reflexan a realidade económica do Concello e por tanto o problema das contas é o seu contido.

O Sr. Rouco Ferro continúa expoñendo que no orzamento inicial do ano 2013 había consignado no Capítulo I un importe de 1.178.322,03 euros, habendo modificacións de crédito neste capítulo por importe de 558.000 que elevaron o crédito orzamentario neste capítulo a 1.736.428,63 euros. Así pois, o grupo socialista entende que, con independencia das subvencións recibidas para contratación, o Concello de Palas de Rei contratou a xente con cargo a fondos propios do Concello, sendo neste caso ilegal a súa contratación porque así o prohibe a normativa do Estado para este ano. O Sr. Rouco asegura que non está en contra deses postos de traballo que se crearon no Concello pero tamén afirma que o Concello de Palas de Rei gastou o ano pasado 1.678.461,00 euros que se se dividen entre 252 días laborales, da como resultado que o Concello de Palas de Rei gastou diariamente un importe de 1.108.000 pesetas ó día.

Por todo o antedito, o Sr. Rouco Ferro afirma que o seu grupo político vai votar que non á aprobación da Conta Xeral do ano 2013 do Concello de Palas de Rei.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

O Sr. Alcalde afirma que admite e respeta a opinión manifestada polo Sr. Portavoz do Grupo Socialista pero que non comparte en absoluto as súas observacións por ser alleas a realidade. Afirma que as Contas Xerais dos diferentes anos son rendidas ante o Consello de Contas da Comunidade Autónoma e ante o Tribunal de Contas do Estado para o seu estudio e análise e de dito análise ou estudio nunca, ata o momento, houbo ningunha consideración ou observación negativa hacia as contas por parte de ditos órganos. Expón que a postura do Sr. Rouco Ferro foi moi ambigua durante a presente lexislatura e polo que respeta ó aumento en gasto de persoal, o Sr. Alcalde afirma que a política, dentro da lei, do equipo de goberno do Concello de Palas de Rei é apoiar e acollerse a todos os plans de emprego, a todos os obradoiros de emprego e a todas as axudas que haxa para a creación e fomento do emprego neste municipio. Afirma que dentro do gasto de persoal vai incluído o gasto do grupo de emerxencia, o gasto do servizo de axuda a domicilio, o gasto en gardería, o gasto en contratos de formación para desempregados, o gasto en brigadas anti-incendios e os contratos RISGA.

Para concluir, o Sr. Alcalde afirma que as contas son públicas e están a disposición para quen as queira ver e que están suficientemente claras e polo tanto serán apoiadas e aprobadas cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Popular.

Rematado o debate, o Pleno, cos votos a favor (5) dos concelleiros presentes na sesión do grupo Popular e cos votos en contra (3) dos concelleiros presentes na sesión do Grupo Socialista, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico 2013, tal e como se dispón no parágrafo 4 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO.- Que unha vez debidamente aprobada se renda dita Conta ó Consello de Contas, de conformidade co disposto no parágrafo 5 do artigo 212 do aludido Real Decreto Lexislativo".



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374016
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

PUNTO CUARTO.- DEBATE E APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS.

O Sr. Alcalde dispónse a explicar a proposta de Alcaldía que, literalmente, establece:

"Vista a Resolución do 21 de xullo de 2014 da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, pola que se actualizan os prezos públicos establecidos polo Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 anos, dependentes desta Consellería, e que se publicou no DOGA número 142 de 29 de xullo de 2014;

Visto, polo tanto, a necesidade, de transpoñer a actualización dos prezos públicos mediante a modificación da ordenanza municipal que regula este servizo de gardería infantil;

Visto todo o que antecede, o Sr. Alcalde propón ó Pleno do Concello de Palas de Rei o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar, de maneira inicial, a modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizo de gardería infantil do Concello de Palas de Rei, que quedaría nos seguintes termos:

"Artigo 5.- Cota tributaria.

1.- Tarifas.

Para a determinación das tarifas terase en conta o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), segundo o disposto polo artigo 2.3 do Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, ou indicador que legalmente o substitúa, quedando establecidas do seguinte xeito en computo mensual e segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:





a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 16,91 €; sen servizo de comedor 0€.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 50,74 €; sen servizo de comedor 33,83 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 93,28 €; sen servizo de comedor 67,65 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 144,53 €; sen servizo de comedor 108,65 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 180,41 €; sen servizo de comedor 129,16 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 203,99 €; sen servizo de comedor 142,49 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 235,77 €; sen servizo de comedor 164,01 €.





A CONTÍA DO IPREM SERÁ A ESTABLECIDA ANUALMENTE.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

En canto o servizo de comedor, o prezo deste servizo fíxase en 71,76€ mensuais. Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións especificadas anteriormente. No caso de nenos que non empreguen habitualmente o servizo e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen empregalo algún día solto, o importe da taxa será de 4,10€ por día. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinaria sempre que acrediten a súa necesidade. O prezo mensual de ca hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario/a será de 20,50€. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

As tarifas de horario ampliado serán aplicables nos suposto en que o centro teña establecido o servizos.

AS TARIAS DE COMEDOR, TRANSPORTE E AMPLIACIÓN DE HORARIOS DEVENGANSE CANDO TALES SERVIZOS SEXAN EFECTIVAMENTE PRESTADOS POLA GARDERÍA MUNICIPAL.

2.- Horarios de servizo

Os horarios do servizo de gardería serán os establecidos no regulamento do centro.

3.- Renda per cápita

A renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:



a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

i. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

ii. Os/as fillos/as maiores de idades incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade e prorrogada ou rehabilitada.

iii. Os/as fillos/as maiores de dezaoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible de aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondente administracións tributarias.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familiar monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Os datos fiscais aplicables serán o resultantes da derradeira declaración do IRPF presentada que ven a ser no primeiro semestre, a do exercicio anterior e no segundo, a do servizo vixente, actualizándose deste xeito, semestralmente.

SEGUNDO. - Expoñer ó publico o anterior acordo mediante anuncio que se publicará no BOP de Lugo, por prazo de trinta días hábiles para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

TERCEIRO. - No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións o expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado e procederase a publicación íntegra do texto da ordenanza."

Ante a ausencia de debate por parte dos concelleiros e vista a conformidade de todos eles, o Pleno do Concello de Palas de Rei, por unanimidade dos seus membros é dicir, cos votos a favor dos 5 concelleiros do Grupo Popular e dos 3 concelleiros do Grupo Socialista, adopta o seguinte **ACORDO**:



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PRIMEIRO.- Aprobar, de maneira inicial, a modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizo de gardería infantil do Concello de Palas de Rei nos termos expresados máis arriba.

SEGUNDO.- Expoñer ó publico o anterior acordo mediante anuncio que se publicará no BOP de Lugo, por prazo de trinta días hábiles para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

TERCEIRO.- No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións o expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado e procederase a publicación íntegra do texto da ordenanza."

PUNTO QUINTO.- EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADICAR UNHA PROZA PÚBLICA O REVERENDO DON MANUEL FAILDE CORTIZO.

O Sr. Alcalde dispónse a explicar a proposta de Alcaldía que, literalmente, establece:

"Có fin de galardoar as cualidades especiais os méritos demostrados polo Reverendo D. Manuel Failde Cortizo, cura párroco de Palas de Rei, na súa actividade como sacerdote e en virtude de todos os esforzos que realizou para potenciar turísticamente a localidade de Palas de Rei, dentro do Camiño de Santiago e dar a coñecer ó municipio Palas de Rei, polo amor ó noso municipio, polas súas contribucións o Municipio, e logo de escoitar a Xunta de Portavoces, o Sr. Alcalde propón ó Pleno da Corporación Municipal de Palas de Rei, para que proceda a denominación da praza pública da igrexa de San Tirso, como Praza do Reverendo D. Manuel Failde Cortizo".

O Sr. Alcalde afirma, en relación con este tema, que xa se falou nunha Xunta de Portavoces e, en principio, había acordo sobre esta cuestión. O Sr. Alcalde estima procedente outorgalle este honor neste momento coincidindo co





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

homenaxe que se lle vai realizar este próximo sábado, día 20 de setembro, en atención a unha vida entregada ó municipio de Palas de Rei dende fai 63 anos, unha vez que se xubilou fai uns días.

O Sr. Rouco Ferro, en relación a este asunto, afirma que non está seguro se finalmente ao paseo, denominado vulgarmente como "paseo do colesterol", foi adicado ó Sr. Reverendo fai uns anos.

A esta cuestión, o Sr. Portavoz do Grupo Popular, Sr. Pensado afirma que aquel proceso ó final non se levou a cabo e de feito afirma que dito paseo, denomínase, incluso nas propias guías turísticas, como Paseo do Colesterol. En relación co asunto en cuestión, o Sr. Portavoz do Grupo Popular afirma que o seu grupo sí ve razoable adicarlle unha praza que está diante da Igrexa de San Tirso ó cura polos seus valores e pola súa dedicación ó municipio de Palas de Rei. Asimesmo, e a título informativo, afirma que o terreo onde se sitúa a praza, en principio, foi comprado polo Obispado co fin de que non se poidera construír diante da propia igrexa, pero constalle que despois dito terreo foi cedido ó propio Concello co fin de que fose de uso público, sen embargo non está seguro de que dita cuestión se fixera por escrito e se rexistrara oportunamente. Ante esta situación, o Sr. Pensado é partidario de facer unha salvaguarda ou unha observación para o suposto de que finalmente a praza non sexa pública, posto que ante este suposto, o Pleno non podería tomar dito acordo e tampouco se trata de usurpar algo que non sexa do Concello de pleno dereito.

Esta afirmación do Sr. Pensado é aceptada por todos os concelleiros presentes no Pleno pero ademais o Sr. Alcalde engade que, incluso nese suposto, pouco probable, existe ó lado outro terreo por onde transcorre o Camiño de Santiago que é un espazo público e que se denomina Travesía da Igrexa, e que se pasaría a chamar Travesía do Reverendo D. Manuel Failde Cortizo.

Rematado o debate, o Pleno do Concello de Palas de Rei, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta, coa salvaguarda ou observancia posta de manifesto durante o debate previo, o seguinte ACORDO:



PRIMEIRO. Aprobar a denominación "PRAZA REVERENDO D. MANUEL FAILDE CORTIZO da praza pública situada enfrente da Igrexa de San Tirso, por considerar que dita persoa realizou notables aportacións ó desenvolvemento turístico de Palas de Rei e polo seu amor ó pobo de Palas de Rei. Dito acordo estaría supeditado ou condicionado a que se certifique, de maneira documental, o carácter público de dita praza e que polo tanto se incorpore, con carácter previo, ó inventario de bens do Concello de Palas de Rei.

SEGUNDO. Notificar a D. Manuel Failde Cortizo o acordo de denominación da vía pública.

TERCEIRO. Notificar ás administracións públicas interesadas e ás entidades, empresas e organismos que poidan resultar afectados (INE, Correos, Rexistro da Propiedade, Catastro...).

PUNTO SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde afirma que a inmensa maioría das preguntas que foron formuladas nos plenos anteriores xa foron contestadas debidamente e que as escasas preguntas que quedan por contestar, serán contestadas no próximo pleno debido a que durante as últimas semanas estivo de vacacións e con asuntos de carácter persoal.

Asimesmo pregunta ós membros presentes no Pleno se teñen algún rogo ou pregunta que formular.

O Sr. Rouco formula unha pregunta relativa a unha factura onde se describe no seu concepto "arreglo de martillo neumático" e quería saber a qué pertence dito martillo. Ante dita pregunta, o Sr. Sande Agra afirma que dito martillo pertence a unha pala que pertence ós concellos de Palas de Rei e de Taboada.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

O Sr. Rouco pregunta que se esa pala pertence ós dous concellos, o concello de Taboada debería asumir o 50% do importe da factura e por tanto porqué se lle factura únicamente ó Concello de Palas de Rei. Ante dita pregunta, o Sr. Alcalde responde que a factura vai a nome do Concello de Palas de Rei porque na concesión da subvención para comprar a pala, o concello promotor foi Palas de Rei pero que, evidentemente, o Concello de Taboada deberá pagar o 50% da mencionada factura.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e trinta minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé

O ALCALDE

O SECRETARIO